


NON PODER FALAR NON É O MESMO QUE NON TER NADA QUE DICIR

Teresa Mayo. Mestre PT



Que é un SAAC (Sistema Alternativo ou Aumentativo de Comunicación). A Comunicación Aumentativa e Alternativa enténdese nun sentido amplo como un conxunto de todas as opcións, sistemas ou estratexias que se poden empregar para facilitar a comunicación de toda persoa que ten dificultades graves para a execución da fala seguindo a TORRES (2001) no seu libro "Sistemas Alternativos de Comunicación. Manual de comunicación aumentativa y alternativa: sistemas y estratexias."

Ó longo dos anos e a través de múltiples investigacións e traballos fóronse deseñando sistemas para comunicarnos con aquelas persoas que non poden facelo a través da lingua oral ou escrita. Tamén é preciso deseñar unha metodoloxía que se aproxime ou adapte o máis posible ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Tamarit (1989) define os Sistemas Alternativos ou Aumentativos de comunicación (SAAC) como "un conxunto estruturado de códigos non vogais, necesitados ou non de soporte físico, os cales, ensinados mediante procedementos específicos de instrución serven para levar a cabo actos de comunicación por si mesmos ou en conxunto con códigos vogais ou como apoio parcial aos mesmos".

Entre os SAAC máis estendidos atópase o SPC (Símbolos Pictográficos de Comunicación). Componse principalmente de debuxos simples e a palabra que simboliza cada debuxo vai impresa encima do mesmo. Os símbolos poden ser necesarios unicamente para unha axuda de comunicación temporal, ou como parte dunha axuda permanente. A decisión si os SPC son apropiados para unha nena/o determinada/o debe facerse segundo as bases individuais, de acordo coa situación particular, necesidades e habilidades de cada un/a. O vocabulario do SPC divídese en seis categorías diferentes:

- ? Persoas, incluíndo pronomes persoais.
- ? Verbos.
- ? Descriptivos, principalmente adxectivos e algúns adverbios.
- ? Nomes, aqueles non incluídos noutras categorías.
- ? Miscelánea, principalmente artigos, conxuncións, preposicións, conceptos de tempo, cores, o alfabeto, números e outras palabras abstractas.
- ? Social, palabras correntemente usadas en interaccións sociais. Inclúe palabras socialmente corteses, ...

Cos símbolos pictográficos para a comunicación pódese utilizar calquera sistema de cor. A principal razón da codificación por cores é debido a que cando se coloca nun taboleiro ou libro de comunicación, é máis rápido e doado localizar un símbolo en particular. Ademais convertese así nunha ferramenta máis atractiva para os usuarios. Estes son como segue: persoas- amarelo; nomes- laranxa; verbos- verde; miscelánea branco; descriptivos-azul; social-rosa ou morado.

O SPC é un sistema que está composto por símbolos que son debuxos pictográficos que gardan un gran parecido coa realidade e, á súa vez, facilita moito a elaboración de distintos materiais que nos axuden a acadar os obxectivos propostos con cada nena/o.

Outras das grandes vantaxes do SPC como Sistema Aumentativo ou Alternativo de Comunicación é a universalidade dos símbolos dos que está dotado. Á que se lle engaden outras como: que as destrezas motrices que demanda son mínimas, estes símbolos son apropiados tamén para persoas que posúan unha capacidade mental baixa e son sinxelos de aprender e ó mesmo tempo de aplicar.

É importante ter en conta que cando se diseña a aplicación dun SAAC é preciso fixar uns obxectivos, como poden ser:

- ? Desenvolver estratexias de comunicación non verbal que lle possibiliten entender e ser entendida/o.
- ? Expresar necesidades básicas.
- ? Favorecer a representación e simbolización a través de linguaxes diversas.
- ? Resolver con autonomía e iniciativa situacións habituais da súa vida cotiá.

É necesario dar prioridade a colaboración coa familia, como parte fundamental para poder xeneralizar o SAAC á vida cotiá da nena/o. Tamén é necesario a implicación de todas as persoas que participan no proceso de ensino-aprendizaxe da alumna/o para familiarizar a toda a comunidade educativa co SAAC da nena/o e para poder mellorar a súa integración e potenciar a sensibilidade de todos cara a diversidade.



Marita Vilar. Orientadora

"Se unha persoa é perseverante, aínda que sexa dura de entendemento, farase intelixente; e aínda que sexa débil transformaráse en forte"- Leonardo DaVinci

Para que esta idea quede clara, déixame contarche unha historia:

"Cinco raniñas que estaban saltando por aí, atoparon un caldeiro cheo ata a metade. Facía bastante calor así que tres delas decidiron saltar, pensando que había auga dentro. Para a súa sorpresa, o que había dentro do caldeiro era leite.

Desesperadas comezaron a tratar de saír do caldeiro. Sen embargo non podía saltar fóra porque esbaraban co leite e novamente caían dentro. Fixeron varios intentos sen logralo. Mentras, as dúas raniñas que estaban fóra berrábanlles, nun principio, que tratasen de saír e que o fixeran pronto.

Intentárono varias veces sen éxito ata que a primeira se rendíu e afogouse. Ao ver isto as raniñas de fóra comezaron a lamentarse polas outras dúas e diciánlle que deixaran de saltar, que non había remedio. "Non poderedes saír de aí... Deixade de intentalo porque é imposible... xa morreu unha... non poderedes... desistide xa".

Tanto é así que a segunda ra ao escoitalas, rendíuse. Despedíuse das súas amigas e morreu.

A última, seguía e seguía intentando saír, saltaba e saltaba e nunca paraba. Estaba decidida a saír.

Mentras as ras que estaban fóra seguían insistindo en que desistira.

¡Xa basta, resígnate! ¡ Non poderás saír... é imposible! Berrábanlle.

A ra dentro do caldeiro seguía e seguía... sen descanso. E algo comezou a suceder.

Tanto saltaba e saltaba, que o leite comezou a baterse e cortouse. Cando o leite se corta faise unha especie de soro transparente por unha parte e por outra faise sólido. A ra seguía e seguía ata que o leite se cortou por completo e puido poñerse sobre a pasta de leite, tomou impulso e saltou fóra do caldeiro e ¡ a súa vida salvou!

¿Que foi o que pasou?

Moitos dirán que foi a perseveranza e teñen razón.

¿Pero como seguía e seguía a pesar de que as súas compañeiras lle dicían que era imposible e que non se podía?

A resposta: ERA UNHA RA XORDA!

¡ FELICES VACACIÓNS ¡